COLABORACIÓNS páxinas 2 a 6
COMPLEMENTARIAS páxina 7
ESCOLARES páxinas 08 a 20
BIBLIOTECA páxinas 21 e 22
ANPA páxina 23

Avaliación na área de EF

Xulio Iglesias Miranda. Mestre EF

Moitas veces @s mestr@s e a propia comunidade educativa preocupámonos excesivamente da avaliación e esquecémonos un pouco do proceso e a concrección da aprendizaxe *per se*.
Malia a intentar quitarlle un pouco de "ferro", a avaliación nesta etapa educativa é necesaria e obrigatoria no ensino primario, polo que temos que acadar a mellor maneira e a menos inxusta á hora de plasmar unhas calificacións escolares.
Centrándonos no eido da educación física, considero que o proceso de avaliar debe ter en conta non só a aptitude d@ alumn@ cara a asignatura senón tamén a actitude d@ mesm@ cara a materia. Un rapaz pode ter moi boa aptitude e nembargantes non esforzarse, non atender, incordiar no desenrolo das clases,ser un mal compañeir@,non aceptar as regras dos xogos... Por contra podemos ter nen@s cunhas regulares ou malas aptitudes perceptivo motrices, sensoriais, físicas... pero voluntarios@s, cooperador@s, con afán de superación...
Á hora de avaliar o ideal é buscar un equilibrio entre estas dúas disxuntivas, que nalgunhas ocasións pódese dar dunha maneira extrema, máis habitualmente do que poderíamos pensar: un alumno moi bo pero con mal ou regular comportamento, fronte a outr@ con poucas cualidades para a educación física pero con interese e bo comportamento. Non debemos esquecer os casos de alumn@s nos que ambos os dous parámetros están nunha situación intermedia ou extrema nos dous casos positiva ou negativamente.
Polo tanto, aínda que fagamos un sinxelo control por trimestre coa finalidade de medir a aptitude d@ alumn@, a observación diaria é importantísima (máxime tomando como referencia as competencias) ,e tendo en conta que, a devandita observación é tanto máis dificil canto maior é o alumnado, sen esquecer ademais o grao de subxectividade. A fin de curso pódese repetir o control do primeiro trimestre e así poder avaliar o grao de mellora dos alumn@s en relación ó do principio de curso, co cal mediríamos non só a aptitude senón tamén nunha certa maneira @ alumn@ que se esforza fronte ó que non o fai.
Debemos de fixarnos noutros detalles máis obxectivos como material, asistencia a clase... que tamén sumaremos na calificación final trimestral.
Medir o esforzo, comportamento, compañeirismo, empatía; a fin de contas o pulso que se da entre aptitude e actitude penso que é algo moi a ter en conta no proceso de avaliación de tódalas asignaturas do curriculum.

sotelo blanco edicións
coa cultura galega

XXXIV CARREIRA PEDESTRE POPULAR DE SANTIAGO

A NOSA PARTICIPACIÓN

Media hora antes do pistolazo da saída da XXXIV Carreira Pedestre popular de Santiago, que organizou o Correo Gallego antes de iniciar o recorrido de 12 quilómetros non se vía a ningún etíope ou keitano, pero si se vía un marroquí: Hassan Lekhili.
A participación volveu ser un éxito, con 5.711 inscritos, y deles 3.418 competiron na proba absoluta.
Pedro Nimo, Lolo Penas, Gustavo Platas ou Carlos Vilamar eran algunhas das bazas galegas.
Cinco minutos antes das dez da mañá, baixou a pancarta da saída, na avenida de Xoán XXIII, milleiros de atletas animaban, cantaban e aplaudían antes de escoitar un pistoletazo de saída que efectuou o presidente do Consello de Administración de Editorial Compostela, Fernando Barrera Morante.
O compostelano Pedro Nimo víase decidido. Quería ser o cuarto santiagués en lograr o titulo ante os seus.
Chegando ao camiño Francés, Nimo e Lekhili abriron un hoco de uns vinte metros cos seus perseguidores.
Todo parecía decidido,o triunfo o disputarían ou o compostelán ou o marroquí.
O marroquí Lekhili voaba cara Galeras, mentras por detrás Pedro Nimo facía un último esforzo, pero no sanatorio da Esperanza o compostelán tiraba a toalla, o maratón de Berlín estaba pasando factura.
Mentras Nimo se dirixía á praza do Obradoiro, Lekhili afronta a costa de Vite.
A nós pareceunos unha carreira moi ben organizada por parte do Correo Galego. Houbo moitísimos participantes de todas as idades. Nós fomos ver a carreira e creo, que aparte de estar moi ben organizada parecéunos unha forma atlética e a vez divertida de correr cos teus amigos.
A Carreira Pedestre paréceme que está moi ben organizada para a xente que lle gusta correr e facer actividade física. O 90% da poboación opina que a Carreira Pedestre é moi divertida e san. Grazas a Carreira Pedestre todos os anos o dia 30 de outubro a xente voluntaria corre.